

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2022 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2022.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de maio a agosto do ano 2022, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2022

Pablo Fernández Vila
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO**Convenios subscritos pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de maio, xuño, xullo e agosto**

Convenio	Data de sinatura	Achega da Axencia
Convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) para o desenvolvemento do curso Retos tecnolóxicos na produción e almacenamento de enerxías renovables	23.6.2022	2.000,00 €
Convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega) para a realización de actividades de difusión e promoción de proxectos estratéxicos e singulares no eido da xeotermia e doutras fontes de enerxía renovable complementarias	1.7.2022	40.000,00 €
Convenio entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster Gallego de la Industria y Servicios de Apoyo al Desarrollo de las Energías Renovables y la Sostenibilidad Energética (Cluergal) para a realización de actividades de difusión, formación, información, asesoramento e promoción de proxectos no marco do PERTE de enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento (PERTE ERHA)	5.7.2022	40.000,00 €

